



VALDOVIÑO

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA VINTE E SEIS DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

Expte: 2023/G007/000035

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e trinta e cinco minutos do día vinte e seis de outubro de dous mil vinte e tres, reúnense en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 639 de data 25 de outubro/2023 e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez e don Benito Manuel Vega Fernández. Non asiste por causas xustificadas dona Tamara Sabín Caamaño.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro, asistindo ademais, a interventora municipal, dona Elisa Marqués Parrilla.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, ésta celébrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 19.10.23 (ORDINARIA).-

O sr. alcalde preguntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 19.10.23 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

2º.- EXPEDIENTE DA ÁREA DE OBRAS E URBANISMO.-

.- Licenza de edificación.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA DE LICENZA DE EDIFICACIÓN.

“Expte: 173/2023. Tedec: 2023/U026/000171

.- Expte. de obras 173/2023.- [REDACTED] representada por Ramón José Rey Lage.- Para as obras de remodelación de vivanda unifamiliar aillada e anexos, sita no Lugar de Postamaior, 1 (referencia catastral n.º 002500700NJ63B0001ZD), parroquia de Valdoviño.

Achegase xunto á solicitude:

- Proxecto básico de remodelación de vivanda e anexos redactado polos arquitectos Ramón José Rey Lage e Pedro Pablo Ríos Sánchez, achegado o 02/06/2023.

- Proxecto Básico de remodelación de vivienda e anexos redactado polos arquitectos Ramón José Rey Lage e Pedro Pablo Ríos Sánchez, achegado o 11/09/2023, que substitúe ao anterior.
- Oficio de Dirección de obra de arquitecto a nome de Ramón José Rey Lage e Pedro Pablo Ríos Sánchez, achegado o 02/06/2023.

Segundo as Normas Subsidiarias de Ordenación Municipal (en adiante NNSSPP), en vigor neste Concello, a parcela na que se proxecta a obra atopase situada en en solo clasificado e calificado, como **S.N.U. DE NÚCLEO RURAL TRADICIONAL. ZONA DE EDIFICACIÓN RESIDENCIAL AISLADA.**

Considerando que a documentación que se achega ao expediente é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal de data 20/10/2023 que se emite en sentido **FAVORABLE**

E visto informe xurídico da Secretaria municipal de data 24/10/2023 en sentido **FAVORABLE.**

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes **ACORDOS:**

Primeiro.- Conceder a [REDACTED] a **licenza municipal de obras para a remodelación de vivenda unifamiliar aillada e anexos**, sita no Lugar de Postamaior, 1 (referencia catastral n.º 002500700NJ63B0001ZD), parroquia de Valdoviño.

A licenza se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Segundo.- As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada polos arquitectos José Rey Lage e Pedro Pablo Ríos Sánchez e as condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓNS DA LICENZA) de data 20 de outubro de 2023, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

Terceiro.- Aprobar a liquidación provisional das obras, segundo folla de valoración que consta no expediente e co seguinte desglose: **Taxa 945,23 €, ICIO.- 4.348,08 €.**

Cuarto.- Aprobar o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses.

Quinto.- Notifíquese o presente acordo aos interesados e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite, así coma aos servizos económicos para os efectos oportunos.

En Valdoviño, asinada electrónicamente na data á marxe polo Sr. Alcalde Alberto González Fernández.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2023/U026/000171).

**3º.- SEGUNDA SOLICITUDE AMPLIACIÓN PRAZO EXECUCIÓN DE OBRA:
“REPARACIÓN DE ESTRADAS EN XAVARIZ, VILARRUBE, AVIÑO, ETC”.-**

“Expte.: 2022/C003/000002

En Xunta de Goberno Local de data 21.09.2023 apróbase a petición formulada de ampliación de prazo de un mes na execución da obra: Reparación de estradas en Xavariz, Villarrube, Aviño, etc adxudicada a empresa “JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS CONSTRUCCIONES SA”.

En data 19.10.2023 e con núm. de rexistro 202399900001670, don Jose No Varela, actuando en representación da empresa “JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS CONSTRUCCIONES SA”, NIF A-15013162, presenta escrito de petición da segunda prórroga por prazo de UN MES para a execución da obra antedita.

Xustifica a súa petición debido a:

- Malas condición meteorolóxicas das últimas semanas, polo que non se puideron realizar os traballos de pintado de marca viais na rúa Pintor Imeldo Corral.

CONSIDERANDO que o artigo 195.2 da LCSP dispón que: *“Se o atraso se produce por motivos non imputables ao contratista e este ofrece cumprir os seus compromisos se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándolle un prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pida outro menor.”*

Esta Alcaldía en uso das atribucións conferidas pola lexislación vixente PROPÓN ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Acceder á petición formulada e así pois, aprobar a segunda ampliación de prazo solicitado de un mes na execución das obras. O acta de reformulo foi celebrada en data 25.04.23 e a duración da obra de 5 MESES, a cal finalizou o 24.09.23; que coa primeira prórroga concedida remata en data 24 de outubro de 2023.
A nova data de remate da obra é o 24 de novembro de 2023.

Segundo.- Notificar o acordo á adxudicataria “JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS CONSTRUCCIONES SA” así como ao Director da Obra, para o seu coñecemento e efectos.

/ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO SR ALCALDE/”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2022/C003/000002).

**4º.- ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR DE SERVIZO CONSISTENTE EN
CAMPAÑAS DE INFORMACIÓN, DIFUSIÓN E SENSIBILIZACIÓN PARA O
PROXECTO DE IMPLANTACIÓN, AMPLIACIÓN OU MELLORA DA
RECOLLIDA SEPARADA DE BIORRESIDUOS DESTINADOS A INSTALACIÓNS
ESPECÍFICAS DE TRATAMENTO BIOLÓXICO NO CONCELLO DE
VALDOVIÑO, AO ABEIRO DAS AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA**

PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE RESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL. LIÑA 1.

PROPOSTA DE ALCALDÍA PRESIDENCIA

“Asunto: Adxudicación **contrato menor de servizo** consistente en **campañas de información, difusión e sensibilización para o proxecto de implantación, ampliación ou mellora da recollida separada de biorresiduos destinados a instalacións específicas de tratamento biolóxico no Concello de Valdoviño**, ao abeiro das axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal. LIÑA 1.

Expediente: 2023/C002/000008

De conforme co artigo 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local a entidade local deberá prestar o *servizo de recollida de residuos*, transporte e tratamento dos residuos domésticos xerados nos fogares, comercios e servizos ofertados no Concello de Valdoviño tendo en consideración o disposto no artigo 22 da Directiva 2018/851 do Parlamento Europeo e do Consello do 30 de maio do 2018 pola que se modifica a Directiva 2008/98/CE sobre a separación e reciclaxe de residuos en orixe ou ben recollida de forma separada a máis tardar o 31 de decembro de 2023, o que coincide co disposto na Lei 6/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia.

Ao abeiro das *axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo Fondo Europeo relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea no marco do Plan de Recuperación, transformación e resiliencia da Unión Europea Next Generation EU* o Concello de Valdoviño impulsará a xestión e recollida separada en orixe de residuos domésticos potenciando a prevención e valorización dos biorresiduos.

Vista a Resolución das Axudas convocadas ao abeiro da *Orde do 30 de novembro do 2021 pola que se establecen as Bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo Fondo Europeo relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea no marco do Plan de Recuperación, transformación e resiliencia da Unión Europea Next Generation EU*, o Concello de Valdoviño resultou beneficiario de dita subvención tanto na Liña 1 como Liña 2.

A convocatoria, en rexime de concorrencia non competitiva por anticipado de gasto, efectuouse para os anos 2022 e 2023.

Estando interesada esta entidade local na **contratación do servizo de campañas de información, difusión e sensibilización para o proxecto de implantación, ampliación ou mellora da recollida separada de biorresiduos destinados a instalacións específicas de tratamento biolóxico ao abeiro das axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal. LIÑA 1**, para a anualidade 2023, cuxo **valor estimado é inferior a 15.000 euros**, foron solicitadas tres ofertas ás empresas que a continuación se relacionan:

- **ABERTAL NETWORKINGS S.L. (SIHAHO CONSULTING)** con C.I.F. núm. B15864457, presenta oferta económica o 09-10-2023, (nº rex entrada 202399900001632) por importe de **4.640,00€** (5.614,40 € IVE engadido).
- **ARTELLAR 2000S.L.U.**, con C.I.F. núm. B70239769, presenta oferta económica o 06-10-2023 (nº rex entrada (202399900001624) por importe de **4.720,00 €** (5.711,20€ IVE engadido).

- **ATLANTIC PONTE 2000 S.L.** con C.I.F. núm F.:B70232012 presenta oferta económica o 06-10-2023) (nº rex entrada 202399900001625) por importe de **4.800,00 €** (5.808,00 € IVE engadido).

Considerando o disposto no artigo 118 da LCSP, e sen prexuízo do disposto no artigo 229, os contratos de servizos cun valor estimado inferior a 15.000 euros se considerarán contrato menor. A contratación que se propón non altera o obxecto contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no apartado 1 do artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

A Tramitación se levará a cabo segundo o previsto no artigo 118.

O órgano competente para a contratación, corresponderá á Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía (decreto nº 229/2019, de 25 de xuño de 2019) para as contratacións de toda clase cuxo importe supere os 3.0005,06 euros.

Consta na contabilidade do orzamento de gastos do Concello de Valdoviño a retención de crédito con documento número **22023000055 e 22023000319** por importe de **4.8000,00 euros e 1.008 euros** con cargo á aplicación **1621.22799**.

Conforme ao disposto no artigo 118 en relación ca Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e atribucións conferidas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, esta Alcaldía

PROPÓN

Primeiro.- Adxudicar á empresa **ABERTAL NETWORKINGS S.L.(SIHAHO CONSULTING)** con C.I.F. núm. B15864457, **o contrato menor de servizo de prestación de campañas de información, difusión e sensibilización para o proxecto de implantación, ampliación ou mellora da recollida separada de biorresiduos destinados a instalacións específicas de tratamento biolóxico no Concello de Valdoviño**, por ser a mellor oferta para os intereses do Concello de Valdoviño en función da relación calidade- prezo formulada por **importe de 4.640,00€ (5.614,40 € IVE engadido)**, fronte aos 4.720,00 € (5.711,20€ IVE engadido) ofertados por ARTELLAR 2000S.L.U e aos 4.800,00 € (5.808,00€ IVE engadido) ofertados por ATLANTIC PONTE 2000 S.L.

Segundo.- Autorizar e comprometer o gasto correspondente á execución do **servizo de campañas de información, difusión e sensibilización para o proxecto de implantación, ampliación ou mellora da recollida separada de biorresiduos destinados a instalacións específicas de tratamento biolóxico no Concello de Valdoviño**, a adxudicar mediante contrato menor con cargo á aplicación orzamentaria **1621 22799** do Orzamento municipal, de acordo co establecido no artigo 185 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Terceiro.- Conforme o artigo 118.6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro do 2014, o contrato menor do **servizo de campañas de información, difusión e sensibilización para o proxecto de implantación, ampliación ou mellora da recollida separada de biorresiduos destinados a instalacións específicas de tratamento biolóxico no Concello de Valdoviño**, será publicado na forma prevista no artigo 63.4 para facer constar o obxecto, importe de adxudicación con IVE engadido e identidade do adxudicatario.

Cuarto.- Notificar ao adxudicatario **ABERTAL NETWORKS (SIHAHO CONSULTING), S.L con C.I.F. núm. B15864457** o presente acordo, con indicación dos recursos que procedan ao respecto.

Documento asinado electrónicamente polo Sr. Alcalde na data indicada á marxe.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2023/C002/000008).

5º.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA: REFORZO DE RODADURA NO CAMIÑO DE ACCESO A OUTEIRO.-

“Expte.- 2023/C003/000002

Visto o expediente de contratación da obra indicada cos seguintes datos e antecedentes:

A Xunta de Goberno Local de data 31 de agosto de 2023 aprobou o expediente de contratación e comezo de adxudicación da obra: “Reforzo de rodadura no camiño de acceso a Outeiro incluído no plan AGADER na súa anualidade 2023/2024.

Proxecto redactado por D. José Manuel Saavedra Pantín, arquitecto técnico colexiado nº 978 COAATAC. Importe total proxecto: 67.611,85 euros (IVE incluído). IVE: 11.734,29 euros, prezo sen IVE: 55.877,56 euros.

Realizada a publicación da licitación na plataforma de contratos do Estado onde se aloxa o perfil do contratante en data 01/09/2023 e presentadas as ofertas, en sesión de 18 de setembro de 2023 a Mesa de Contratación abriu e examinou a documentación do sobre “A”, resultando que á única empresa presentada requeriuse a presentación de subsanación de documentación. Na sesión da Mesa de Contratación de data 21 de setembro de 2023 examinouse a documentación administrativa requirida e aportada, resultando finalmente que a única empresa licitadora presentou a documentación completa e correcta quedando admitida na licitación.

En sesión de data 25 de setembro a Mesa de Contratación celebrou sesión para apertura da oferta económica contida no sobre C e procede á valoración da oferta co Programa de Valoración de Ofertas da Deputación Provincial da Coruña empregando como prezo de licitación a cantidade do proxecto sen IVE: 55.877,56 euros.

Comprobado co Programa de Valoración de Ofertas Económicas da Deputación a non existencia de baixa temeraria na oferta a mesa de contratación propuxo ao Órgano de Contratación, a adxudicación do contrato Reforzo de rodadura no camiño de acceso a Outeiro á empresa NIF: A15013162 JOSE NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S.A. motivada a proposta en que foi a única entidade licitadora e en que a súa oferta non está incurso en causa de anormalidade ao coincidir co tipo de licitación.

A Xunta de Goberno Local en sesión de data 28/09/2023 acordou:

“Primeiro.- Considerando que a empresa con NIF A15013162 JOSE NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S. A. presenta unha oferta que non incorre ne baixa temeraria cun importe: A) Prezo sen IVE: 55.877,56 euros

B) Impuesto sobre o Valor Engadido (IVA): Porcentaxe: 21 % Importe 11.734,29 euros

C) TOTAL (A+B): 67.611,85 EUROS

Requirir ao devandito licitador para que no prazo de DEZ DÍAS HÁBILES a contar dnde o seguinte a aquel en que reciba a notificación, PRESENTE a documentación sinalada na cláusula 16.- Adxudicación do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación, incluída a garantía definitiva (5 % do importe de adxudicación, excluído o IVE: 2.793,88 euros) aos efectos de poder serlle adxudicada a obra Reforzo de rodadura no camiño de acceso a Outeiro.

Segundo.- Notificar o presente acordo á citada entidade mercantil para o seu coñecemento e efectos.”

A empresa JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S. A. atendeu en prazo o requirimento e tras efectuar as comprobacións pola Sra. Secretaria do Concello, de cumprimento do establecido na cláusula 16.1 do Prego, e que constituíu a garantía definitiva e que consta acreditado no expediente non ter débedas con Concello.

Visto o exposto anteriormente, esta alcaldía PROPÓN á Xunta de Goberno Local a adaptación do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Declarar válidas e ratificar todas e cada unha das actuacións e dos acordos da Mesa de Contratación permanente do Concello de Valdoviño, que aparecen reflectidos no expediente de contratación, así como o reflexado nos informes e trámites realizados.

SEGUNDO.- Adxudicarlle á empresa NIF: A15013162 JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S. A. o contrato de obra mencionado no proxecto técnico denominado: “REFORZO DE RODADURA NO CAMIÑO DE ACCESO A OUTEIRO” no prezo seguinte:

- a) Prezo sen IVE: 55.877,56 €
- b) Imposto sobre o valor engadido (IVE) Porcentaxe: 21 %. Importe: 11.734,29 €
- c) Total (a+b): **67.611,85 €**

e de acordo co resto das características da súa oferta que constan no expediente, motivado de ser a única oferta presentada e ao non atoparse en baixa temeraria.

TERCEIRO.- Comprometer o gasto (D) con cargo con cargo á aplicación orzamentaria 1532.61900 por importe de 67.611,85 euros.

CUARTO.- Nomear director de obra e coordinador de seguridade e saúde a don José Manuel Saavedra Pantín, arquitecto técnico colexiado número 978 COAATAC.

QUINTO.- Visto que as obras precisan dunha declaración responsable ante a Consellería de Infraestrutura e Mobilidade (Augas de Galicia) por estar na zona de policía de canles de varios cursos de agua e que a mesma foi presentada en data 30/08/2023 e considerando que ademais precísase autorización da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (Axencia Galega de Infraestruturas) por atoparse na zona de afección da estrada AC-116 e que a mesma foi solicitada na mesma data 30/08/2023 pero como a devandita autorización aínda no foi remitida polo organismo correspondente e considerando que resulta urxente a adxudicación e execución da obra para lograr xustificar en prazo ante a a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER/Xunta de Galicia) o adxudicatario comezará a execución da obra nos tramos que non precisan autorización conforme ás instrucións do técnico director de obra. Unha vez que se obteña a autorización da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade o adxudicatario continuará a execución restante da obra, motivado pola urxencia expresada.

SEXTO.- Notificar este acordo á empresa adxudicataria.

SÉTIMO.- Publicar esta adxudicación no perfil do contratante desta entidade (PCSP).

OITAVO.- Requirir ao adxudicatario para a formalización do contrato, no que debe expresarse a circunstancia do punto quinto deste acordo, dentro do prazo máximo de 15 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que reciba a notificación da presente adxudicación.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica.

O alcalde:

Asdo.: D. Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*)”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2023/C003/000002).

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás nove horas e corenta e catro minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/